



## BANDO INFORMATIVO

A través do presente infórmase aos veciños/as do Concello de Xinzo de Limia que pola Consellería do Medio Rural en consonancia co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do alto risco na circulación do virus IAAP (GRIPE AVIARIA) establécense **medidas específicas de protección orientadas fundamentalmente a evitar o contacto directo ou indirecto das aves domésticoas con aves silvestres de calquera especie:**

### PROHIBICIONS:

**Prohíbese a cría de aves ao aire libre: todos os propietarios de aves deben recluír as súas aves en instalacións pechadas a cuberto. Se isto non fora posible por non dispoñer destas instalacións, poderíanse manter as aves no exterior sempre que existan teas paxareiras ou calquera outro dispositivo que impida o acceso de aves silvestres e sempre que se alimente e subministre auga ás aves domésticas no interior das instalacións ou cubertos que impidan o contacto das aves silvestres coa auga ou alimento destinados ás aves domésticas.**

**Queda prohibido o uso de reclamos de caza con aves-do tipo anátidas (parrulos ou similares) e charadriiformes (gaivotas e similares).**

**Queda prohibida a cría de parrulos, ocas e gansos xunto con outras especies de aves de curral.**

**Prohíbese darlles ás aves de curral auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras orixes ás que puideran ter accedido aves silvestres, ao non ser que a auga sufrira un tratamento de hixienización que garantira a inactivación de posibles virus da influenza aviaria.**

**Os depósitos de auga de subministro para as aves domésticas, que puidera haber no exterior, deberán ser protexidos para impedir que poidan acceder as aves silvestres ou as súas dexeccións.**





## Concello de Xinzo de Limia

---

**Quedan prohibidas as concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non (exhibicións, concursos.), tanto de aves de curral como doutras aves distintas a estas (p. ex. aves ornamentais ou similares).**

**É obrigatoria a inscrición dos currais familiares de autoconsumo no Rexistro Galego de Explotacións Avícolas da Consellería do Medio Rural.**

### **RECOMENDACIONES:**

**As persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola de tipo curral familiar, deben evitar ter contacto con aves dunha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade (lavado de roupa, lavado de mans.), especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres.**

**As persoas titulares ou traballadoras en explotacións ou titulares de currais familiares de calquera tipo, se realizen actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter as adecuadas prácticas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética, procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.**

**Dadas as características desta enfermidade, cunha alta difusibilidade entre as aves e as graves repercusións económicas que a súa presenza poden causar ao sector avícola, é moi importante a detección precoz dunha sospeita desta enfermidade polo que calquera sospeita de influenza aviaria debe ser comunicada de inmediato aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural, directamente ou, de existir, a través do veterinario da explotación. Igualmente no caso de sospeita en aves silvestres.**

***A Alcaldesa.- Elvira Lama Fernández***

